

**Acta da reunión do Consello de Departamento****ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.  
Anido Rifón, Luis E.  
Blanco Fernández, Yolanda  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Veiga, Manuel  
García Duque, Jorge  
Gil Castiñeira, Felipe  
Gil Solla, Alberto  
Herrería Alonso, Sergio  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José C.  
López García, Cándido A.  
Mikic Fonte, Fernando A.  
Pazos Arias, José J.  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Sousa Vieira, Estela  
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo  
Liz Domínguez, Martín

**ESCUSAN ASISTENCIA**

Burguillo Rial, Juan C.  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
López Bravo, Cristina  
Pousada Carballo, José María  
Rodríguez Hernández, Pedro S.

López Escobar, Juan José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 27 de abril de 2021, convocada para as 16:30 horas en primeira convocatoria e para as 17:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 do Campus Remoto da E.E. de Telecomunicación.

O martes 27 de abril de 2021 ás 17:02 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 15 de marzo de 2021.

2. Informe do Director.

O Director informa aos asistentes que trala aprobación no Consello de departamento do 15 de marzo de 2021 da solicitude de transformación da praza de Investigadora Distinguida de Beatriz Lorenzo Veiga a unha praza de CD Interino e a aprobación do perfil e comisión de selección dunha praza de Profesor Contratado Doutor, Beatriz Lorenzo Veiga renuncia aos seus dereitos en relación a este tema. O Director tamén comenta que o profesor José María Pousada Carballo está de baixa e pediu a xubilación anticipada. Finalmente, en canto ao tema do traslado a Vigo, o Director di que non hai nova información.

3. Aprobación, se procede, do POD 21-22.

O Subdirector agradece aos profesores do departamento a súa boa predisposición para facer o POD. O Subdirector informa da asignación de materias aos seguintes contratados predoutorais do departamento:

- Pablo Fondo Ferreiro:
  - Deseño de sistemas integrados
  - Redes sen fíos e móbiles
  - Programación de sistemas intelixentes
- Moisés Rubén Pacheco Lorenzo:
  - Informática: Arquitectura de ordenadores
- Juan José López Escobar:
  - Deseño de sistemas integrados
  - Redes sen fíos e móbiles
  - Programación I
  - Xestión e dirección tecnolóxica

O Director comenta que hai 70 horas de déficit no segundo cuadrimestre nas materias Dirección tecnolóxica, Laboratorio de proxectos, e Programación II, polo que propón solicitar ao reitorado unha figura de profesor interino de substitución para cubrir ditas horas. Esta solicitude tamén provocará a creación dunha lista de agarda que permitirá cubrir posibles incidencias futuras. O profesor Manuel Fernández Veiga comenta que a Universidade podería activar a opción de designar un departamento de substitución para cubrir esas horas, ao que o Director responde que a Universidade non lle ten dito nada ao respecto.

Apróbase, por asentimento, o POD 21-22, a asignación de materias aos contratados predoutorais, e a solicitude dun profesor interino de substitución.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17:18 do día 27 de abril de 2021, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e prace do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Alberto Gil Solla

Dr. D. Fernando A. Mikic Fonte